

NOME CIENTÍFICO

Prunus cerasifera var. pisardii

Descrición:

É unha especie pertencente á familia das cerdeiras, se ben esta, en concreto, ten un uso exclusivamente ornamental.

Árbore pequena, que pode acadar os 6-7 metros de altura, cunha copa ampla e redondeada.



1

As súas flores teñen uns 2 centímetros de diámetro e son de cor branca ao nacer, mudando a rosadas pouco despois.

Familia: Rosaceae
Orixe: Europa do leste e Asia
Nome común: Abruñeiro dos xardíns



2



4



3

As súas follas son caducas, miden uns 6 centímetros de longo e nacen de cor vermella. A súa cor vai mudando ao púrpura a medida que avanza o ano.

O froito é unha drupa de 2-5 centímetros de diámetro.

Prunus cerasifera

Hábitat

Ao tratarse dunha planta ornamental podemos considerala como “domesticada” non aparecendo esta variedade de modo espontáneo na natureza. Cultívase en parques e xardíns onde é necesario plantala en solos ben drenados e con moita humidade. Soportan ben a contaminación ambiental, polo que tamén se poden plantar nas avenidas das cidades.

Usos ou propiedades

O seu valor é maioritariamente ornamental en parques e xardíns, xa que o seu froito son abruños acedos (aínda que poden utilizarse para facer marmeladas).

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

Segundo as lendas e supersticións eslavas esta árbore é bastante mal considerada. Os demos xermanos aparecen nas cerdeiras metendo en problemas a quen ousaba tocarlos. Con labras de cerdeira os eslavos tentaban saber se unha persoa tiña lombrigas. Arroxábanas á auga, se afundían era proba da existencia destes seres diabólicos no corpo humano. Na campiña italiana aconséllase non comer cereixas cos ricos.

É unha das 38 plantas que se utilizan para preparar as flores de Bach, que en medicina alternativa considerase que teñen a propiedade de combater o cancro. É importante salientar que non hai ningunha proba científica que respalde esta afirmación.